

TEXTO DE LOS ESTATUTOS DEL PATRONATO DE DEPORTES APROBADO INICIALMENTE POR EL PLENO MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE NARÓN, EN SESIÓN CELEBRADA EL 31 DE OCTUBRE DE 2019 Y SOMETIDO A EXPOSICIÓN PÚBLICA (BOP Nº 212 DE 7 DE NOVIEMBRE DE 2019)

ESTATUTOS REGULADORES DO PADROADO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE NARÓN

1. Preámbulo
2. Capítulo I- Disposicións xerais
3. Capítulo II- Composición
4. Capítulo III- Normas de funcionamento
5. Disposición derogatoria
6. Disposición derradeira

O pleno municipal do Concello de Narón na sesión celebrada o vinte oito de xullo de 1989 aprobaba a creación do denominado Padroado Municipal de Deportes do Concello de Narón, inicialmente concibido na súa particular personificación xurídica, seguindo a práctica administrativa común naqueles intres, como fundación pública de servizo, dotado de personalidade xurídica propia e autonomía financeira e funcional, dependente do Concello, para o cumprimento dos seus obxectivos. Nesa mesma sesión o máximo órgano municipal prestaba aprobación aos estatutos reitores do ente de nova creación que entón vía a luz.

Case que trinta anos despois, sen esquecer a transcendental labor desenvolvida no eido do deporte pola propia corporación, o seu persoal e o tecido socio deportivo do noso municipio, resulta preciso e axústase a dereito, adecuar a regulamentación xurídica e a propia figura entón creada á realidade normativa actual, determinando a súa propia natureza e o seu réxime xurídico que ofrezca cabal cobertura á realidade práctica que entón xurdiu.

Na normativa actual o artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local recoñece aos municipios como competencia propia, nos termos que delimiten a lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a promoción do deporte e das instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Tal delimitación normativa desenvólvese no artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, no que se prevé o exercicio municipal de diversas competencias en aras ao fomento, promoción e difusión da práctica deportiva e da xestión das instalacións afectas a tal fin.

Tendo en fin en conta as necesidades no ámbito deportivo do noso concello; a finalidade particular que co Padroado se pretende alcanzar; ou a propia estruturación actual dos servizos administrativos adscritos a esa área municipal, propónse ao Concello Pleno aprobar os seguintes:

ESTATUTOS REGULADORES DO PADROADO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE NARÓN

CAPITULO I-DISPOSICIONS XERAIS

ARTIGO PRIMEIRO. - O Padroado Municipal de Deportes eríxese no órgano sectorial consultivo e participativo no eido do deporte no concello de Narón, constituído ao amparo da previsión recollida no artigo 130 e 131 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Coa finalidade primordial de promover a práctica deportiva e o desenvolvemento da cultura física na poboación de Narón, realizará funcións de estudo, deliberación, asesoramento e proposta ao propio Consistorio e á concellería delegada de deportes, e no seu seo canalizaranse, como cauce da participación da cidadanía e das asociacións e entidades deportivas, as opinións, suxerencias, necesidades, iniciativas, propostas de actuación e demais actuacións vinculadas á satisfacción do interese público no sector do deporte do noso municipio, gozando de independencia plena no exercicio das súas competencias e funcións.

ARTIGO SEGUNDO – Réxime xurídico

O presente regulamento ten a súa base legal no establecido nos artigos 130 e 131 do RD 2568/1986, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como no artigo 20.3 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

A Lei de Administración local de Galicia, prevé no artigo 71 a creación do órganos de participación sectorial.

A Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, regula o funcionamento dos órganos colexiados das distintas administracións nos artigos 15 a 18, con especial referencia no artigo 15.2 aos órganos en que participen organizacións representativas de intereses sociais.

Para o non previsto neste Regulamento, o Padroado de Deportes rexeráse polo disposto nos artigos 47 a 53 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá aprobado polo Concello Pleno de data 26 de febreiro de 2009 (BOP de a Coruña nº 63 de 18 de marzo de 2009) modificado polo Concello Pleno de data 27 de marzo de 2013 (BOP da Coruña n. 106 de 5 de xuño de 2013); e nas normas legais e regulamentarias en vigor citadas anteriormente ademais do establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e na Ordenanza de transparencia, acceso á información pública, reutilización de datos e bo goberno do Concello de Narón (BOP da Coruña de 23 de marzo de 2016).

ARTIGO TERCEIRO. - Funcións do Padroado de Deportes

Son funcións do Padroado:

- O análise, estudo e o asesoramento na promoción e desenvolvemento do deporte no municipio.
- A presentación de iniciativas e propostas de actuación a fin de fomentar a práctica deportiva na cidade, como hábito de vida e fonte de saúde.
- A colaboración na programación de actividades e eventos deportivos.
- A coordinación entre os distintos clubs e entidades para aqueles programas de ámbito municipal que engloban diferentes actividades e intereses deportivos comúns.
- A participación, a solicitude da concellería de deportes, na elaboración de plans, programas ou convenios con entidades públicas ou

asociacións, persoas e entidades privadas para o fomento do deporte en calquera das súas manifestacións.

- Colaborar no fomento, promoción e difusión do deporte no noso concello, particularmente o deporte en idade escolar.

CAPITULO II-COMPOSICION

ARTIGO CUARTO. - Composición do Padroado de Deportes

Son órganos do Padroado de Deportes :

- a. O/A presidente/a.
- b. O/A vicepresidente/a.
- c. Os/As vocais.
- d. O/A secretario/a.
- e. A Asemblea xeral.

a) – O/A Presidente/a

1.-O/A titular da alcaldía do Concello de Narón, ostenta a presidencia nata do Padroado de Deportes. A presidencia poderá delegar as súas funcións Padroado de Deportes, na vicepresidencia do mesmo.

2.-Funcións da presidencia:

- Representar ao Padroado de Deportes.
- Convocar, fixar a orde do día, presidir, dirixir, moderar e levantar as xuntanzas da asemblea.
- Nomear ao/á vicepresidente/a.
- Elevar, se procede, aos órganos municipais os acordos adoptados pola asemblea.
- Impulsar e executar os acordos da asemblea que pola súa natureza non deban ser aprobados por órganos municipais.
- Visar as actas e certificacións dos acordos da asemblea.

b) – O/A Vicepresidente/a.

Actuará en substitución do/a presidente/a

c) – O/A Secretario/a.

1-Ao/Á secretario/a do Padroado de deportes lle corresponde a fe pública, e o asesoramento legal preceptivo, así como a dirección da xestión administrativa.

O titular do posto corresponde ao Secretario xeral do Concello de Narón, que poderá delegar no/a funcionario/a que o ocupe o posto de responsable do servizo de deportes do Concello de Narón, podendo ser a súa vez substituído/a por funcionario/a debidamente capacitado/a do servizo en caso de ausencia.

2- Funcións do secretario/a:

- Remisión das convocatorias aos compoñentes da asemblea.
- Redacción das actas da sesión e certificación dos acordos.
- Remisión aos órganos municipais correspondentes, dos acordos da asemblea.
- Confeccionar a memoria anual das actividades do Padroado.
- Outras funcións encomendadas pola secretaria municipal e a presidencia.

d) – Os/As vocais.

1- Son vocais do Padroado de Deportes:

- O/A concelleiro/a de Deportes, que en todo caso ostentará a vicepresidencia do Padroado, en caso de ausencia do/da presidente/a.
- Un concelleiro/a por cada grupo municipal con representación no Concello Pleno. No suposto de existir o grupo mixto municipal, unicamente poderá designar a un só representante.
- Tres representantes de clubs e/ou entidades deportivas das disciplinas federadas distintas entre si, inscritas no Rexistro de Clubs e asociacións do Concello de Narón.
- Un representante das Asociacións de pais e nais de alumnos/as dos Colexios públicos sitos no Concello de Narón.
- O/A coordinador/a deportiva do Servizo de Deportes, con voz pero sen voto.

2-Funcións dos vocais:

- Asistir as sesións da Asemblea, achegando propostas, para incluílas, se procede, na orde do día da sesión.
- Impulsar as propostas adoptadas pola Asemblea ante os órganos municipais que as deban aprobar.
- Respectar e cumprir os acordos adoptados pola Asemblea.
- Informar ao sector ao que representa dos acordos adoptados.

e) - Asemblea Xeral.

1) A Asemblea xeral estará integrada polos seguintes membros:

- O/A presidente/a.
- O/Aa vicepresidente/a (en substitución do/da presidente/a).
- O/A secretario/a; con voz e sen voto.
- Os/As vocais.
- Coordinador de deportes; con voz e sen voto

2) Funcións da Asemblea xeral

- Sinalar as liñas xerais de actuación do Padroado de deportes.
- Propoñer o programa de actividades deportivas anuais elevándoo ao órgano municipal que corresponda para a súa aprobación.
- Propoñer aos órganos do Concello, calquera iniciativa ou modificación de acordo naqueles materias que lle afecten.
- Aprobar si procede, a memoria anual.
- Ditaminar a proposta de convocatorias de subvencións, convenios e demais instrumentos de fomento dentro da materia da súa competencia.
- Coñecer as solicitudes de subvencións, convenios e demais instrumentos de fomento previo informe do responsable do servizo de Deportes.
- Elevar aos órganos correspondentes do Concello, as propostas de concesión e xustificación de subvencións e convenios.
- Propoñer a modificación de ordenanzas e regulamentos que afecten ao servizo de deportes, aos órganos municipais.

ARTIGO QUINTO.-Sistema de elección dos membros do Padroado de Deportes

O Padroado de deportes está constituído por dous tipos de representantes, agás a presidencia e a secretaria:

- a) Os representantes municipais no Padroado de Deportes, serán designados por acordo do Concello Pleno a proposta dos grupos municipais con ocasión do inicio da lexislatura, ou en calquera momento, a proposta do grupo ao que representan.
- b) Os representantes de clubs e/ou entidades deportivas das disciplinas federadas distintas entre si, e inscritas no Rexistro de Clubes e asociacións do Concello de Narón, e o/a representante das Asociacións de pais e nais de alumnos/as dos Colexios públicos sitos en Narón, elixiranse polos grupos que representan do xeito que se indica a continuación:

Un grupo constitúeno as entidades deportivas, e outro as Asociacións de pais e nais.

- As entidades deportivas elixirán tres representantes e as asociacións de pais e nais, elixirán un único representante.

As entidades deportivas interesadas en participar, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Acreditación actualizada e completa, o día do inicio da convocatoria no rexistro municipal de asociacións, como entidade deportiva
2. As entidades constituídas por agrupacións de diversas asociacións ou entidades deportivas, non poderán participar como tales agrupacións.

Para a designación dos representantes das entidades deportivas e asociación de pais e nais dos colexios de Narón, o/a presidente/a convocará eleccións no prazo de tres días dende a constitución do Concello Pleno, tras a celebración das eleccións municipais.

O decreto de convocatoria da presidencia indicará o prazo e lugar de presentación de candidaturas así como o lugar e hora de celebración das eleccións.

O prazo de presentación de candidaturas será de quince días a partir do seguinte ao do decreto da convocatoria e o lugar de presentación será no rexistro Xeral municipal ou na sede electrónica municipal.

Rematado o prazo de presentación de candidaturas, a secretaria do Padroado de Deportes, unha vez comprobadas as acreditacións e requisitos dos grupos e os candidatos presentados, confeccionará o censo electoral de cada grupo e as papeletas para ás eleccións.

Ao quinto día hábil despois de rematado o prazo de presentación de candidaturas, se celebrarán ás eleccións.

As votacións faranse por grupos, mediante votación secreta e en lista aberta, votando cada entidade a un número de candidatos non superior ao que lle corresponde ao seu grupo.

Serán elixidos os candidatos que obteñan maior número de votos por cada un dos grupos. O/a secretario/a do Padroado de Deportes levantará acta e certificará o resultado.

As eleccións estarán presididas polo/a presidente/a do Padroado coa presenza do secretario/a do mesmo.

En caso de dimisión do/a representante dun grupo, ocupará o seu posto o seguinte da lista máis votado.

No suposto de esgotar a lista de candidatos, procederase á convocatoria parcial de eleccións nos mesmos termos e prazos da convocatoria xeral.

Os membros da Asemblea cesarán dos seus cargos nos seguintes casos:

- A petición propia.
- Por renovación do proceso.
- Cando así o soliciten os grupos políticos aos que representan.
- Cando o solicite a maioría dos grupos sociais aos que representan.

CAPITULO III- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO SEXTO. - Réxime de sesións

A asemblea reunirase como mínimo 3 veces ao ano, en sesión ordinaria, nas dependencias do servizo de Deportes ou en outras dependencias propias do

Concello de Narón; con carácter extraordinario, cando así o decida o presidente/a ou sempre que sexa solicitado por unha terceira parte dos membros con dereito a voto, para tratar asuntos urxentes.

A convocatoria das sesións ordinarias farase polo menos, con dez días de antelación, e irán acompañadas da orde do día. Considerarase a asemblea legalmente constituída en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Se non existise quórum, constituirase en segunda convocatoria, media hora despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros, e, en todo caso, un número non inferior a tres. En todo caso será necesaria, a presenza do presidente/a ou vicepresidente/a e do secretario/a ou persoa delegada. Nos casos de convocatoria extraordinaria, farase coa maior antelación posible, contendo a orde do día, unicamente os puntos que a motivaron.

Á asemblea do Padroado de Deportes, poderá invitar, a persoas que poidan asesorar ou axudar en temas ou materias de interese, se así o estima convinte a presidencia ou a proposta dun tercio dos seus membros. Estas persoas terán voz, pero non voto.

ARTIGO SEPTIMO– Acordos

Os acordos do Padroado de Deportes, se adoptarán por maioría simple. Presentarán a forma de propostas, informes, ditames ou calquera outra forma de carácter similar. En todo caso, terán soamente carácter informativo e non executivo.

Disposición Derrogatoria

Queda derogada calquera norma anterior que se opoña a este Regulamento, en particular os Estatutos do Padroado de Deportes modificados polo Concello Pleno de 25-06-2009.

Disposición Derradeira

Este regulamento entrará en vigor despois de transcorrer o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases

de réxime local, contados a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP).